



## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**ASUNTO:** APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS ANO 2025 OUTORGADAS A FAVOR DE SOCIEDAD CULTURAL DEPORTIVA MALPICA

**EXPEDIENTE:** 2025/A003/000006

### I. ANTECEDENTES

1. En data 4 de setembro de 2025 iníciase expediente núm. 2025/A002/000001 mediante providencia da alcaldía para a convocatoria de SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS DAS ENTIDADES DEPORTIVAS ANO 2025.

2. En data 24 de setembro de 2025 emítase informe de fiscalización favorable certificando a existencia crédito adecuado e suficiente por importe de 20.000 euros, con cargo á aplicación 341.480 do orzamento municipal vixente, para atender as obrigas de contido económico que se deriven da concesión desas subvencións.

3. Mediante decreto da Alcaldía número 512/2025 do 25 de setembro, aprobáronse as Bases Reguladoras para a convocatoria de subvencións para o fomento das actividades deportivas ano 2025. Estas foron publicadas no BOP número 188, do 2 de outubro de 2025.

4. Mediante anuncio no BOP número 192, de 8 de outubro de 2025, publícase o correspondente extracto da convocatoria antes indicada, previa subministración da información sobre a mesma á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), en cumprimento do establecido no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

5. A totalidade das solicitudes referidas nesta resolución foron presentadas dentro do prazo establecido no artigo 5 das bases da convocatoria.

6. A comisión avaliadora constitúese mediante resolución de alcaldía número 651/2025 do 1 de decembro, de conformidade co artigo 9 das bases da convocatoria reúnese o 3 de decembro de 2025 a fin de valorar as solicitudes presentadas en base a documentación achegada polos solicitantes emitindo informe para dar conta ó órgano instrutor da proposta de reparto.

7. En data 9 de decembro de 2025 preséntase por parte do Técnico de Deportes, en calidade de órgano instrutor do procedemento, a proposta de outorgamento das subvencións a fin de que sexan resoltas pola Alcaldía:

*“A).- Dentro do prazo de presentación de solicitudes presentáronse as seguintes:*

VETERANOS SOCIEDAD CULTURAL DEPORTIVA MALPICA
CLUB ESCOLA XADREZ GILLAN
SPORTING SEAIA CLUB DE FUTBOL
SOCIEDAD CULTURAL DEPORTIVA MALPICA
CLUB DEPORTIVO UNIÓN DEPORTIVA CERQUEDA
VETERANOS LEILOIO CLUB DE FUTBOL
CLUB CHAVE AVENIDA



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpicadebergantinos.es](mailto:correo@malpicadebergantinos.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P1504400A

<b>SOCIEDADE DE CAZA E TIRO SAN MIRO</b>
<b>BUÑO SOCIEDAD CULTURAL DEPORTIVA</b>

B).- Examinadas as solicitudes presentadas, comprenden todas os requisitos establecidos nas Bases Reguladoras para a convocatoria de subvencións á entidades para o fomento das actividades deportivas ano 2025, que se publicaron no BOP nº 188, do 2 de outubro de 2025 así como o extracto da convocatoria (BOP nº 192, de 8 de outubro de 2025).

C).- No expediente non se tiveron en conta feitos, alegacións ou probas distintos dos alegados polos solicitantes, polo que a presente proposta ten o carácter de definitiva.

D).- Á vista do expediente, e avaliadas as solicitudes presentadas, propónse á Alcaldía, de acordo coa avaliación realizada pola Comisión avaliadora, a concesión das seguintes subvencións:

VETERANOS SOCIEDAD CULTURAL DEPORTIVA MALPICA	900
CLUB ESCOLA XADREZ GILLAN	400
SPORTING SEAIA CLUB DE FUTBOL	3300
SOCIEDAD CULTURAL DEPORTIVA MALPICA	2800
CLUB DEPORTIVO UNIÓN DEPORTIVA CERQUEDA	7500
VETERANOS LEILOIO CLUB DE FUTBOL	900
CLUB CHAVE AVENIDA	600
SOCIEDADE DE CAZA E TIRO SAN MIRO	600
BUÑO SOCIEDAD CULTURAL DEPORTIVA	3000
<b>TOTAL</b>	<b>20000</b>

Esta é a miña proposta, non obstante a Alcaldía resolverá o que estime máis convinte.“

8. En data 10 de decembro de 2025 emítese informe de fiscalización favorable á devandita proposta.

9. Mediante decreto da alcaldía número 678/2025, de 11 de decembro, apróbase a concesión das subvencións á entidades para o fomento das actividades deportivas ano 2025, de conformidade coa proposta do órgano instrutor de data 9 de decembro de 2025.

10. Presentada dentro do prazo a documentación xustificativa das devanditas subvencións ou axudas así como o prazo para atender, no seu caso, os requirimentos de emenda de deficiencias na documentación presentada, a entidade SOCIEDAD CULTURAL DEPORTIVA MALPICA achegou a documentación esixida polas bases.

11. En data 23/03/2026 emítese informe de fiscalización favorable a favor de:

Entidade	CIF	Cantidade en €
SOCIEDAD CULTURAL DEPORTIVA MALPICA	G15320401	2800

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Visto o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións; a Lei 9/2007, de 13 de xullo, de subvencións de Galicia e o anexo I das Bases de Execución do orzamento

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento segundo o artigo 42.b) da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpicadebergantinos.es](mailto:correo@malpicadebergantinos.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P1504400A

vixente (BEO), que recolle o réxime relativo ás subvencións e transferencias concedidas polo concello, así como o disposto na BEO 28ª.

2. Considerando que esta Alcaldía é competente para resolver, segundo dispón o artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o sinalado no artigo 217 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais,

### RESOLVO:

**Primeiro.** Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida a favor de SOCIEDAD CULTURAL DEPORTIVA MALPICA con CIF n.º G15320401 e recoñecer a obriga por un importe total de 2800 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 340.480, así como ordenar o seu pagamento con cargo á tesouraría municipal.

**Segundo.** Notificar individualmente aos interesados e publicar este acordo no taboleiro de anuncios do concello.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, a secretaria, Mª Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo).